

[Saúdos e agradecementos] Como sabedes, na nosa sociedade sempre foi moi importante coñecer de quen é un... *E ti de quen es?* Preguntábanche de meniña e adolescente. *Son do Riveiro, do Riveiro do Cunchido. E logho de cal? De Manolo, o que é carpinteiro. Do que está casado con Viruca? Dese. E logho ti es a máis vella ou a máis nova?* Recibías case sempre como última resposta un *Aaaaahhhhhh...* Xa estabas localizada e situada na sólida arañeira comunitaria. Non é cousa de antes, madia levamos. Na actualidade seguen a inquirirnos (seguimos a inquirir) de quen vimos sendo, aínda que quizais con novas intencións clasificatorias... Para saciar a vosa natural curiosidade arredor de quen vén sendo a nosa convidada de hoxe, preparei un pequeno apoio audiovisual que fará máis entretida (iso espero) a miña presentación e que vos dará unha presada de pistas antes de achegarvos á súa obra.

Verónica Martínez Delgado naceu na Frouxeira, concello de Valdoviño, no ano 76. Dise que as crianzas veñen ao mundo (polo menos algunhas) cun pan debaixo do brazo. Eu diría máis ben que vimos cun mundo ás costas, un mundo que fascina e que corta, coa súa música e o seu alarido. Botémoslle unha breve ollada ao mundo que trouxo Verónica ao lombo. Un 4 de abril de 1976. O mesmo día no calendario, pero 130 anos antes, nacera o poeta Isidore Ducasse (aquel maldito Conde de Lautréamont dos *Cantos de Maldoror*, que alcumaba as súas páxinas como “sombrias e rebordantes de veneno” -aproveito para adiantar que un bo

brazado de sombra tamén atoparemos nos poemas de quen hoxe nos acompaña-). Verónica nacía exactamente 72 anos despois da escritora galega Herminia Fariña Cobián (da que rescatamos estes versos de 1924: *E calando a miña dor, peregrina / espida de loito, / co cadáver dun bico nos beizos / e a borralla dun lume nos ollos / e por ter o meigallo metido / na alma e no corpo*) e 62 anos após da xenial Marguerite Duras. Xusto 8 máis tarde de que asasinaran a Martin Luther King en Memphis. O día seguinte ao seu nacemento (ao de Verónica, non ao de Martin Luther King), Ingmar Bergman estreaba o seu filme *Cara a cara* e poucos días antes (24 de marzo de 1976) producíase o golpe militar en Arxentina que desembocaría na terrible ditadura de Videla e dos seus sanguinarios secuaces. Foi o ano da morte de Luchino Visconti, de Fritz Lang, de Max Ernst, de Martin Heidegger, de Lezama Lima, de Mao Zedong, de Man Ray, de Agatha Christie, de Otero Pedrayo, de Ulrike Meinhof, da cantante Cecilia e da actriz Rosalind Russell. O ano d'*A laranxa mecánica* de Kubrick, do Día das Letras Galegas para Ramón Cabanillas, do *Canle segredo* de Xosé María Álvarez Blázquez, do *Con pólvora e magnolias* de Ferrín, e tamén aquel en que a Academia Brasileira de Letras rexeitaba o ingreso das mulleres nesa institución. Ano de *Dancing Queen* de Abba, do *Year of de cat* de Al Stewart, do *Hotel California* de Eagles, do *More than a feeling* de Boston, do *Living' thing* da Electric Light Orchestra, do *Don't leave me this way* de Thelma Houston, do *Oxygène* de Jean Michel Jarre, so

Somebody to Love de Queen, do *Don't Go Breaking My Heart* de Elton John e Kiki Dee, do *Blitzkrieg bop* dos Ramones, *Anarchy in UK* dos Sex Pistols, *Daddy cool* de Boney M, do *Cherry Bomb* das Runaways, *d'Os Índios da Meia Praia* do Zeca Afonso ou de *Irmaus* de Fuxan os Ventos. O ano en que se formou a banda irlandesa U2 e a británica The Clash.

Agora que xa sabedes de quen vén sendo Verónica e unha pequena parte do mundo que traía ás costas, é de xustiza que diga unhas palabras sobre o seu libro, que realmente foi o que nos trouxo aquí hoxe. A música, a outra parte. Ou mellor dito, a outra parte non: imos a outra música; ímonos abeirando a aquela que deitan as palabras. A música das palabras (coma a que vimos de escoitar), unhas veces macía e outras violenta.

Cando se reúnen os libros publicados nun volume baixo un título como “obra completa”, “poesía completa”, “obra reunida” ou similar, isto adoita implicar, polo xeral, algunha destas causas:

1 Que a autora (ou autor) está morto e, consecuentemente, reeditar os seus libros nun único volume é anuncio dun éxito editorial case seguro (afortunadamente este non é o caso, e aínda debo engadir que prefiro o fracaso de vendas se en troca temos unha feliz e longa permanencia de Verónica no mundo dos vivos, máis aínda cando ela xa ten manifestado o seu desexo de terminar os seus días “de velliña, na cama, (...) esgotada de vivir”).

2 Que a autora (ou autor) sexa xa unha vella gloria decidida a facer un repaso polos seus poeirentos manuscritos, mecanoscritos e arquivos de texto co fin de ofrecer aos seus incondicionais aquelas vetustas páxinas que xa non se reeditan desde hai 40 ou 50 anos. Como podedes observar pola evidente e natural louzanía de Verónica este tampouco sería o caso que nos ocupa hoxe.

3 Que a autora dea por concluída unha etapa do seu percorrido vital e creativo e, encarreirada por outras avenidas ben diferentes das que até ese momento tiña explorado, queira axuntar o andado para que fique como testemuña dun ciclo extinto e, ao mesmo tempo, como punto a partir do cal inaugura unha nova xeira. Dito máis brevemente: aí fica o que fixen até o 2008. Despois disto, outra cousa, outra Verónica.

Xa vos teredes decatado de que, para min, a opción máis acaída a este caso é a última que veño de citar. Sen coñecer apenas a esta autora, aventuraríame a dicir que esta colectánea responde ao desexo de fechar convenientemente un período e mudar a súa ollada cara a novos puntos de “fricción” poética.

Outra Verónica, dicía hai un momento. Isto faime lembrar un excelente filme de 1991 que baixo o título d’ *A dobre vida de Verónica* dirixiu o polaco Krzysztof Kieslowski e que aproveito para recomendarvos se aínda non o vistes. Malia o que puidese parecer polo título, a fita non se achega ás tebras da esquizofrenia, nin ás dunha dobre vida propiciada por condicionantes morais,

familiares ou similar. O filme de Kieslowski tráeme a esta Verónica por todo o que de poesía hai nel e, fundamentalmente (se obviámos o nome das protagonistas), polo que o propio director chamou “emocións puras” e ao que Javier Ballesteros, nunha recensión crítica, se referiu como a “busca constante dunha realidade intanxible, a través do máis íntimo”. Aquí comezamos a “tocar” a poesía de Verónica Martínez, no íntimo e tamén, coma no filme do polaco, o que el mesmo alcuma como “reaccións emocionais de difícil comprensión racional”. Ou como explicar doutro modo versos coma estes?:

*E aínda sabendo
que o único final posible
é o fracaso,
agárrome ao verbo fracasar
como última esperanza.*

Coma no filme de Kieslowski, na poesía de Verónica imos atopar esas emocións puras, a conmoción que non sempre obedece ao raciocinio. O amor. A dor. Amor e dor nun arco tenso que dispara a súa frecha no centro das contradicións da amante entregada e ferida.

Esta *Poesía reunida* compila 14 anos de creación poética (entre os 18 e os 32 da autora) e 7 libros completos que ben se poden ler como un todo dadas as conexións formais, estilísticas e temáticas. As contas saen facilmente: un libro cada 2 anos, algo que se corresponde coa propia afirmación da autora cando di que tarda

entre ano e ano e medio en rematar cada libro. De feito, se exceptuamos o ano 1998, desde 1994 (ano de escrita do primeiro) até 2008 (ano de produción do último dos deste volume) vemos que, á hora de escribir, Verónica acudiu puntualmente á cita dos anos pares.

Dos 7 títulos que aquí se recollen só un deles non se publicara anteriormente en papel: *Había tantos homes lilas*, escrito en 1994, cando a autora tiña apenas 18 anos de idade, e que merecera o premio de poesía Francisco Fernández del Riego en 1996. O seguinte, *Deshabitada e sen verdugo* viu a luz na colección O Roibén, editada en Madrid ao coidado de Xavier Frías Conde, o que me fai lembrar que Verónica forma parte do grupo Bilbao de escritoras/es afincados (temporal ou definitivamente) na capital do estado e ao que podemos engadir nomes coma os de Fermín Bouza, Yolanda López, Manuel Pereira, Xavier Frías ou Vicente Araguas. *Desterrada do meu corpo* saíu na colección Letras de Cal grazas a ser galardoado co accésit do premio de poesía que convocaran as promotoras/es daquela iniciativa editorial dos 90. *O ladrón de almas*, o cuarto dos títulos incluídos na edición de Amargord apareceu no seu día formando parte do volume *Isto é un poema e hai xente detrás*, que recompilaba os textos de boa parte dos/as galardoados/as no certame GZcrea de poesía do ano 2006. *Cara a un solpor de gatos*, premio Afonso Eanes do Cotón, saíra en 2005 na colección Varilongo de 3C3 editores e, finalmente, as obras *Refuxio* e *Cartapedra*, saíron do prelo

recentemente (2014 e 2013 respectivamente) a pesar de ser escritas con anterioridade, tal como se indica no índice da *Obra reunida*.

Esmiuzar un por un estes sete poemarios levaríame un tempo que excedería con moito a vosa paciencia e a miña resistencia, polo que vou deixar algúns apuntamentos que ben se poden aplicar ao conxunto do volume.

É esta unha poesía contida na forma (poemas breves, versos curtos...), que avoga pola concentración e a intensidade do discurso. Mais, por outra banda, trátase igualmente, ao meu ver, dunha poesía desbordada no que atinxe á semántica da dor ou, como apunta Luis Luna no prólogo: “unha obra que pon en escena a eros e thanatos unidos polo fío umbilical da dor”. E é que nos textos podemos rastrexar unha ampla nómina de léxico e imaxes traspasados polo sufrimento que non deixan lugar a dúbidas, desde o primeiro até o último destes 7 libros.

*Filtrábase a dor,
xurraba polas fendas da parede
e a ausencia tinguía o teito
de manchas escuras.*

Despois da lectura destes poemas, unha non pode deixar de pensar naqueloutras poetas en cuxos textos se acumula o dó e a ferida de xeito tan patente e profundo que ás veces é capaz de mancarnos como lectoras/es.

Como non lembrar, lendo a Verónica, os versos de Marina
Tsvetáieva:

*o amor é este arco tenso,
é dicir: ruptura. Ruptura.*

Ou estes:

*mais a dor que agocho no peito
é máis vella, máis vella é que o amor.*

E unha vai e atopa aquí conexións coa poesía da venezolana Miyó
Vestrini, esa militante do desamor e da morte.

*Déjame llorar un rato a solas.
Pero solo había frío
en el callejón de los cuchillos.*

Ou aquel título: *Llego tarde porque me siento sola deshabitada.*

E xa situada na poesía hispanoamericana, vou e digo que algo da
peruana María Emilia Cornejo encontro na Verónica á que eu me
achego. Algo do seu erotismo e da súa angustia.

*cara a cara
intentamos recuperar nuestro destino
y nos amamos desesperadamente.
yo
todavía conservo
una mata de tu pelo entre mis piernas.*

Algo que leo tamén aquí:

*avanzo por debajo de tu piel
y organizo con exactitud*

*el metabolismo de tus penas
y tu cuerpo se convierte
en la zona sagrada de mi vida.
sin embargo,
hoy es mañana
y mañana será nunca.*

Quizais me cumpra lembrar que as tres poetas que veño de citar (Tsvetáieva, Vestrini e Cornejo), e coas que atopo puntos de conexión na obra de Verónica, son poetas suicidas, polo que xa agora temos que aplaudir a decisión da nosa autora de abandonar a avesa rúa da amargura e dedicarse actualmente a transitar a máis gozosa rúa do pracer. Non en van os seus últimos títulos *Lusocuria* (2012) e *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter*, (mención especial no último certame Illas Sisargas, que sairá proximamente) lévannos polas beiras do gozo amatorio e sexual.

Outro motivo que liga as 7 obras compiladas é o punto de vista adoptado pola creadora. Así vemos como, recorrentemente, a voz poética é a dun eu feminino que fala a un ti (ou un el) masculino, este vestido habitualmente con roupaxes pouco amables, como podemos ver nos seguintes extractos:

*Fuxía co pensamento
dos homes lilas
e eles entrementes trabándome os talóns,
roéndome nas unllas,
e fechándome os ollos*

*Desangrándome
no chan da casa*

*degolada por un ton de voz
demasiado punzante.*

*Abríchesme
o peito coma nunha autopsia.*

*Esqueciches o teu rol
de amante
había dez puntos máis nos teus dedos
e trocáchelo polo de verdugo.*

Esta tensión amor / desamor que atravesa os poemas maniféstase a través dunha serie de campos semánticos e de imaxes poéticas que subliñan conceptos coma os de silencio, violencia, dependencia... chegando incluso a composicións onde se fai patente certo noivado co sadismo e mesmo co masoquismo. Non hai lugar para o idilio nestes versos: o illamento, o sufrimento ou a incomunicación son reiterados e van, nos dous últimos poemarios do volume cara un baleirado do suxeito, da protagonista feminina dos textos, que fica exhausta, “baleira de dor, chea de nada”.

Velaquí algúns exemplos que do dito:

Silencio

*Namorarme
outra vez
en silencio.*

*Sempre
en silencio.*

*Xornadas de silencio estourándonos os miolos.
O cansazo das mentiras
non formuladas.*

Violencia

*Crávame as unllas
nos antebrazos,
róeme os pés,
calquera dor,
antes de facerme
ficar aquí,
para sempre.*

*O máis familiar,
próximo,
trababamos na mesma pel,
caníbal,
eu
lambendo o meu propio sangue
ti
a culpa
nas fonduras alcólicas da ira.*

Incomunicación

*A casa
inevitavelmente
era unha caixa pechada.
Non nos comunicabamos,
non viviamos nela
só finxiamos estar.*

Dependencia

*Despois do almorzo
preguntábame de que xeito*

*podería baixar os chanzos
se non estabas ti.*

Sadismo

*Cantábame jazz
coa mesma boca
que me puxaba
da alma cara a fóra
e facía a percusión
coas mans
sobre o meu corpo nu e baleiro.*

Masoquismo

*A felicidade
non é ter cortinas de veludo verde
e bambinelas cubrindo
as fiestras.
É abandonar
a casa do teu corpo
e esperar tan só
a que apareza
o ladrón que che roube.*

*Desangrándome
coma morotes en vinagre
porque o ladrón de almas
non chega puntual
ao atraco.*

En definitiva, non queda moito espazo para a cara agradable do amor no medio de tanta ruína, de tanta dor, esta mesmo intensificada numerosas veces coas referencias a unha dor puramente feminina, a do parto:

*Levo esta dor
cravada nos ollos
como unha doenza,
por máis quilómetros
que interpoña
non deixo de ver
este mar
afincado en cada parto.*

Moito máis se podería dicir desta poesía, sen dúbida, máis
suxírovos que vós mesmas/os a descubrades os seus recunchos e
gocedes coa súa lectura. O convite está feito. Moitas grazas.